

(FCG/af)

**DECRETO:** Ourense, 27 de setembro de 2017

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF–, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

**DÍA:** venres, 30 de setembro de 2016.

**HORA:** 10:00 horas en primeira convocatoria\*.

**LUGAR:** Salón de sesións do Pazo Provincial.

\*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

**ORDE DO DÍA**

**Apartado resolutivo:**

- 1.- Acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de xullo de 2016.
- 2.- Aprobación da conta xeral da Deputación Provincial de Ourense, do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico e dos consorcios adscritos á Deputación, correspondente ao exercicio 2015.
- 3.- Aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo da Deputación para o exercicio 2017.
- 4.- Aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017.
- 5.- Modificación do expediente nº 4/2016 de modificación de créditos para o exercicio 2016.
- 6.- Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e rede viaria provincial do exercicio 2015, relativa ás obras municipais de Leiro.
- 7.- Bases para a elaboración e execución do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial para o exercicio 2017.
- 8.- Programa de cooperación para o cofinanciamento da adquisición de desfibriladores cos concellos de menos de 20.000 habitantes.
- 9.- Moción do Grupo Socialista sobre a mellora dos procedementos de contratación.
- 10.- Moción do Grupo Socialista sobre a aplicación de criterios obxectivos nos plans de obras e servizos e actuacións de cooperación cos concellos da provincia.
- 11.- Moción do Grupo Popular para solicitar do Goberno de España a construción na Gudiña da estación do AVE e mantemento dun centro de alta velocidade.
- 12.- Moción de Democracia Ourensana relativa á gratuidade e mellora xeral do servizo de TV no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e no hospital comarcal do Barco.
- 13.- Moción do Grupo Socialista sobre a posta en marcha dun plan integral de desenvolvemento do sector forestal na provincia de Ourense.
- 14.- Mocións de urxencia.

### **Apartado de control e fiscalización do goberno provincial**

- 15.- Dación de conta do Decreto de delegación no deputado delegado de administración provincial, don Jorge Pumar Tesouro, de atribucións propias da Presidencia.
- 16.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:
  - Presidencia: mes de xullo e de agosto de 2016 e dos seguintes adicionais: 3º de abril e 1º de xuño de 2016.
  - Deputado delegado de Facenda: mes de xullo e de agosto de 2016 e dos seguintes adicionais: 2º de maio e 1º de xuño de 2016.
  - Deputado delegado de Administración Provincial: mes de xullo e de agosto de 2016.
  - Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de xullo e de agosto de 2016.
- 17.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,